

Iratxe Retolaza Gutiérrez

As fontes do imaxinario na literatura vasca

Antes de me centrar no tema que hoxe nos ocupa, teño a necesidade de facer dúas anotacións persoais.

En primeiro lugar, desexo mostrar os meus agradecementos. Por unha banda, quero dar as grazas á Asociación de Escritores Vascos por me convidar a participar, e porque tenme dado a opción de achegarme por primeira vez a un eido interesante que pouco ou case nada tiña traballado até agora, e por tanto, esta oportunidade foi unha maneira de dar os meus primeiros pasos neste eido tan interesante do imaxinario. E por outra banda, quero agradecer á persoa que vos le o texto por non poder estar eu entre vós.

E poren, en segundo lugar, preciso pedirvos perdón por ter dado a palabra de que aí estaría, entre vós, e non ter podido achegarme. Desculpade.

Velaí miñas desculpas, e sinceiros agradecementos.

Tras ter feito estas dúas anotacións, comezemos a tratar o tema que nos ocupa. Lémbrome que o día que me propuxeron tratar este tema acháronme despistada dabondo. "As fontes do imaxinario na literatura vasca", un tema amplo, excesivamente amplo, e ademais, un tema que se pode tratar dende miles e miles perspectivas. Por iso, sentía o tema tan cercano como lonxano, e unha pregunta continua na mente? Teño algo que dicir sobre este tema? Recoñezo, si, esta de hoxe é a miña primeira reflexión longa e estruturada sobre o imaxinario na literatura vasca, e que era un eido non traballado por min. Di unha amiga miña, con certa resignación, que os vascos somos todólogos de máis. Que adoitamos dar opinión de todo, sobre calqueira tema. Que nos adentramos con ousadía de máis en eidos case sen ferramentas coas que traballar, e sen vergonza. Di así a miña amiga, dio con pesadume, e doulle a razón. Desculpa amiga, porque esa tendencia á todoloxía atrapoume aquel día no que me propuxeron o tema, e aceptei o reto. Espero que sexa este o último adeus dunha todóloga. De todos os xeitos, teño que admitir que esta xuntanza deume a opción de me adentrar nun eido que tenme atrapada completamente, e que o interese acrecentou segundo avanzaba o traballo. Vouvos contar, pois, esta breve incursión no amplo mar do imaxinario (coa esperanza de que non sexa o último baño).

Antes de comezar a apalpar nun mar tan extenso, é preciso comentar rapidamente as cribas ou os criterios que vou empregar. Segundo esas cribas decidín en que portos pousar esta miña intervención. A primeira gran criba é a perspectiva adoptada para falar do imaxinario hoxe, aquí. Son moitas as acepcións do concepto imaxinario, segundo a disciplina que o acolla, e sobre todo é un concepto desenvolvido polo psicoanálisis (Jacques Lacan...) e a antropoloxía (Gaston Bachelard, Gilbert Dürand,...). Ese primerio eido, o psicoanálise, considera o Imaxinario unha das partes da estrutura psíquica do ser humano, e a maioría das aportacións adicáronse a tratar ese nivel do persoal. Para achegármonos á literatura vasca tamén poderíamos coller ese camiño, e poderíamos analizar as imaxes dun escritor ou escritora, para tentar achegarnos á súa estrutura psíquica. Pero pareceume moito máis interesante e produtivo empregar unha criba que estea máis cerca do eido da antropoloxía. E esta miña intervención de hoxe, camiñará nunha perspectiva ubicada entre a antropoloxía e a socioloxía. Lembremos que a antropoloxía ten presentado o imaxinario como unha forma de crear realidades alternativas, como maneira para que a xente afronte o estar no mundo. Se achegamos este punto de vista á socioloxía, emerxe a capacidade que ten o imaxinario para crear realidades alternativas. Como indicou Emil Durkheim, a identidade social ten a súa base na integración simbólica, sen tal apoio a sociedade desintegraríase. E ese apoio, segundo Durkheim, é unha morea de elementos simbólicos, símbolos ou imaxes que fan posíbel a representación colectiva. Por iso, o imaxinario pode coller dous camiños (ambas as dúas son opcións extremas, caben varias posicións entre ambas dúas): por unha banda, o poder pode facer uso do imaxinario para se lexitimar; e por outra banda, para transformar esa realidade que está vixente a enerxía social pode crear novos imaxinarios. Ambas dúas opcións para ter forza e eficacia, precisan dunha continua renovación e adaptación, sexa para que o que está vixente non deixe de estalo, sexa para quebrantar esa orde vixente. Nesta intervención farei

unhas observacións sobre os símbolos e imaxes creadas na literatura vasca coa intención de crear novos imaxinarios e novas realidades sociais, aínda que non mencione máis que unhas opcións de tantas que houbo. E non esquezades, que sobre todo achegareime aos imaxinarios que algunha vez funcionaran como representación colectiva, aínda que fora dun colectivo social concreto.

Mentres estaba a analizar o imaxinario colectivo, para tentar dar coas fontes que se reclaman no título, na procura das fontes onde bebeu parte do noso imaxinario -e para poder dar unha estrutura ao imaxinario colectivo recollido-, o libro e estudo *Mito hurbilak [Mitos de cerca]* (2000) ofreceume a estrutura que precisaba. As fontes traen á superficie a auga da choiva que ficou baixo terra, e na procura desa auga, foi Anuntxi Arana quen lembrou que a auga é un dos símbolos principais da mitoloxía vasca, que está presente de moi diversas maneiras -como en outras tantas mitoloxías, evidentemente-. Anuntxi Arana di o seguinte: "A auga é unha materia moito importante, non hai vida sen auga. É natural que se creen símbolos, imaxes e reflexións en torno á auga, tanto na antiguidade como hoxe" (Arana 2000: 79). O imaxinario é necesario para a sociedade, non hai sociedade sen el. Comezaremos a nosa procura de fontes tendo en conta esa afinidade. Polo tanto, esta intervención debe a súa estrutura a algunhas das ideas ofrecidas no capítulo cuarto do citado libro (Arana 2000: 79: 93) (Mesmo esta todóloga tamén precisa apoios para avanzar).

Para falar das fontes do imaxinario da literatura vasca, poren, nadaremos en tres grandes augas: en primeiro lugar, axitaremos as augas da terra; en segundo lugar, pescudaremos nos recursos para vencer a auga; en terceiro lugar, mollarémonos tamén na augas do ceo.

1. AS AUGAS DA TERRA

Como menciona Anuntxi Arana, na mitoloxía vasca hai seres mitolóxicos moito vencellados ás augas da terra, as lamias. As lamias son xa parte do noso imaxinario, sobretudo recreado e revivido pola literatura infantil e xuvenil. É significativo a evolución dun dos personaxes de marionetas máis coñecidos en Euskal Herria, Erreka-Mari. É un personaxe creado hai uns vinte anos polo grupo Txotxongilo no que traballan Enkarni Genua e Manolo Gomez, e dende que crearan Erreka-Mari hai vinte anos, representan a obra case todos os anos, con moi boa acollida, e así, este personaxe converteuse no personaxe máis popular e difundido do teatro infantil, e mesmo ten saído fóra de Euskal Herria. Nesta obra cóntase a historia da última lamia de Euskal Herria.

Si, as lamias están moi vencelladas ás augas da terra porque viven e móvense ao redor do río, da auga que vai. Por iso, o río e as lamias tense considerado símbolos do devir do tempo, e ao representar o paso da vida, representan tamén a chegada da morte. Non é de sorprender, polo tanto, que ante esta imaxe de algo fugaz que pasa, na época romántica foron outros elementos naturais os louvados e imaxinados. Empregábanse elementos máis estabéis da natureza para imaxinar esa identidade colectiva que se procuraba estábel e esencial. Exemplo diso é o imaxinario creado ao redor dos Foros de Hego Euskal Herria, para reforzar a imaxe dunha orde establecida creouse a imaxe do árbore de Gernika. Daquela a imaxe do árbore de Gernika tivo dúas lecturas, por unha banda, representaba un elemento natural estábel, con gran arraigamento á terra, e por outra banda, facía referencia a unha estrutura social que tivera vixencia hai tempo, tanto aos Foros que se aboliran en 1876, como ao espazo da árbore de Gernika, como ese espazo no que os señores de Bizkaia xuntábanse para tomar decisións. Foi o cantautor Iparragirre quen creou a imaxe do árbore de Gernika na literatura, no canto *Gernikako arbola [Árbore de Gernika]*, un canto que xa a moi comezos do século XX o portugués José Cervaens no seu libro *Literaturas mortas?* convocaba como o himno nacional vasco. Ao comezos do século XX estivo ben presente a árbore de Gernika no imaxinario colectivo, sobretudo no movemento de defensa dos Foros, e no imaxinario difundido polo EAJ-PNV, o imaxinario nacionalista-católico.

E evidentemente, esa árbore que a finais do século XIX creouse en símbolo, foise relendo e actualizando. Por exemplo, Joxe Azurmendi en 1968 no chamado "Manifestu atzeratua" [*Manifesto delongado*], que é claro manifesto de liberdade, fai unha relectura e actualización da imaxe da árbore de Gernika, e ademais, denuncia todos os mitos sobre a identidade vasca que daquela, na década dos 60, tiñan forza e vixencia, e denunciábaos por consideralos modos de alienación. Velaí un pequeniño anaco:

Aínda que nos inventaran unha árbore de Gernika
como se fora pecado querer ser libre,
como se precisáramos dalgunha excusa
nós, completamente simples, queremos ser libres.

(...)

En contra da árbore de Gernika
e en favor do pobo.

(...)

Por alá Aitor, Amaia, Lelo
e Lirelo
e a árbore de Gernika
e a alienación de todos os mitos.

A negación dos mitos, a negación do imaxinario vixente, abreu camiños para crear novos imaxinarios. Nese xeito, entre outros, o novo imaxinario colectivo vencellouse á pedra. No que se refire á literatura, Gabriel Aresti creou o imaxinario máis amplo e rico sobre a pedra, no seus poemarios:

Harri eta herri

[Pedra e pobo] (1964),

Euskal Harria

[Pedra Vasca] (1967),

Harrizko herri hau

[Este pobo de pedra] (1970) eta

Azken harria

[Última pedra] (1979). Moitas veces víxose referencia na poesía vasca a este imaxinario baseado na pedra, pero, na miña opinión, máis que reinterpretacións, modificacións ou actualizacións, ten sido ecos das imaxes da pedra, xestos de amizade. De todas maneiras, hai excepcións, e hoxe mencionarei un libro de poemas publicado recentemente,

Zaldi hustuak

[Cabalos valeiros] (2007) de Aritz Gorrotxategi. Neste poemario, fai uso dunha imaxe, "o cabalo de pedra", para facer unha reflexión sobre o imaxinario colectivo, e a referencia a Aresti non é simple xesto, é relectura, é reinterpretación e actualización. Nese poemario esa pedra que procura ser o apoio da identidade xa non é sólida, é cabalo. E lembremos, como nos indica de novo Arana (2000: 81), os cabalos na mitoloxía vasca tamén están vencellados ao río, e segundo parecen, son de mal presaxio.

Por outro lado, neste mesmo poemario de Aritz Gorrotxategi faise outra relectura dun poema de Aresti, do tan coñecido "Aitaren etxea defendituko dut" [Defenderei a casa de meu pai], unha relectura que vai vencellada á feita da pedra, dos cabalos. Pero este poema de Aresti que creou a imaxe da defensa da casa fíxose moito popular e coñecido, e é o movemento ecoloxista o que reinterpretou e actualizou esa parte do noso imaxinario baixo o lema "Amaren etxea defendituko dut" [Defenderei a casa de miña nai], para reivindicar a defensa da madre terra.

Volvamos ao río, e vexamos que fan as lamias. Peiteándose, claro é. Peitean e peitean. Velaí unhas observacións de Anuntxi Arana:

"O cabelo, o pelame e o fío son iguais; como se peitea o cabelo peitéase o pelame das ovellas e o liño, co aparello que se chama peite ou pente; embelecer o cabelo e crear unha tea son

tarefas equivalentes simbolicamente (Durand 1969: 369)".

O acto de peitear, de tecer e de fiar son símbolos de evolución. Ademais das lamias, son varias na literatura vasca as obras que representan imaxes como esas -como en toda literatura europea-. Na literatura oral aparecen moitas veces personaxes tecendo ou fiando, como por exemplo, na coñecida balada "Brodutzen ari nintzen" [Estaba bordando], que nos lembra a imaxe de Penélope. Na literatura escrita, entre outras obras, sobresae a novela de Yolanda Arrieta Jostorratza eta haria [Agulla e fío]; unha novela experimental que ten como estrutura un manual de costura que unha nai escribe á filla que está por nacer, e nese manual, vai contando a historia, alegóricamente, dos seus antepasados, do seu pobo (con claras referencias ao imaxinario colectivo vasco), e na que lle vai contando á futura filla a evolución de mulleres e homes, de Maris e Txomis, xa que estes son os nomes xenéricos para todos os personaxes na obra. E así, vai a facer unha lectura persoal de como fóronse creando na historia os roles, os traxes dunhas e outros. E a nai desta novela, ofrécelle como agasallo á filla o dón de coser, de crear os seus propios modelos, os seus propios vestidos, para non terse que por ese vello e longo vestido negro que pasa de xeración a xeración nesa novela. No noso imaxinario, por tanto, como nos imaxinarios veciños, o acto de tecer e fiar creou o imaxinario do feminismo, como apréciase no título do blog feminista sareinak (redeiras), que quere facer referencia, entre outras cousas, e esa imaxe herdada.

2. RECURSOS PARA VENCER AS AUGAS

No río a auga vai e vai, e tamén suxire evolución, pero o imaxinario da sociedade tamén procura vencer a esa auga que vai, a ese tempo que transcurre, a eses ideais que se alonxan, e mesmo tenta cambiar o percurso da auga. Son os muíños un exemplo moito claro. Os muíños usan a auga do río para seu beneficio, para o beneficio da sociedade, e ademais, é unha maneira de por unha medida ás augas que corren. Deste xeito, non é de sorprender que Koldo Izagirre usara esa imaxe do muíño para representar o imaxinario colectivo, no poemario

Balizko erroten erresuma

[O reino dos muíños posíbeis] (1989) poema liburuan. Pero, como mostra, os nosos muíños non son máis que posíbeis (coa dupla opción que esa lectura abre):

As palabras devíronse en corvos

quérenos fóra de todos os posíbeis muíños

a poesía está no bairro no luscofusco

Tamén Jon Benito suxire do fado de ancorar nos ríos, no seu poemario,

Aingurak erreketan

[Áncoras nos ríos] (2001). Ás ancoras para o mar.

E o mar? Non é o mar auga de terra? Pensará alguén neste momento da intervención. Si, evidentemente, é. E o mar ten moita importancia no noso imaxinario, pero, coido que máis no imaxinario persoal que no colectivo.

Pero, hai unha imaxe que está moi vencellada ao mar e que no noso imaxinario colectivo está moi presente. Esta imaxe é un dos recursos para nos vencer esa gran auga da terra, o mar: refírome ao porto. Na literatura vasca a imaxe do porto ten sido moi prolífica. Exemplo diso é a antoloxía que Kirmen Uribe publicou hai pouco, antoloxía que no proxecto inicial comezou sendo unha antoloxía da poesía sobre a mar, e rematou sendo unha antoloxía de poemas sobre o porto, de aí o seu título,

Portukoplak

[Coplas de porto]. Nesta antoloxía recolleu textos de diferentes épocas, xéneros e lugares nos

que representa o porto. Pero achegándonos de novo ao imaxinario colectivo, hai un porto concreto que tense convertido en referencia sen igual: o porto de Zorrotza representado por Gabriel Aresti no seu poema "Zorrotzako portuan aldarrika" [Reivindicando no porto de Zorrotza]. Koldo Izagirre no limiar á antoloxía poética de Joxe Azurmendi comenta o seguinte: "o existencialismo social aparece aquí [na obra de Joxe Azurmendi] antes de que Aresti o creara en símbolo". E concretamente é o porto o símbolo que crea Aresti, un imaxinario de máis relevancia que o imaxinario da pedra, na miña opinión:

REIVINDICANDO NO PORTO DE ZORROTZA

O barco alemán atraca en Zorrotza.

Trae cemento, en sacos de cen kilos.

Estaban Anton e Gilen

coa serra

a fender ese tronco.

Coa corda...

Non hai cables...

Senón...

Tira e tira,

agora Anton,

despois Gilen,

non vou morrer,

Gilen.

Aquí en euskara,

alé en erdara.

Maldicían.

Porque a inxustiza non sabe de linguas,

trata do mesmo xeito

ao erdaldún

e

ao euskaldún.

Collín as medidas da árbore.

Mollábanseme os anteollos.

(Miña nai pensou pola noite

que caera ao río). E dixo:

Sempre me situarei
ao lado do home.

Gilen.

Anton.

Converteu o porto en punto de encontro de traballadores, con gran capacidade para crear un novo imaxinario colectivo. Nese porto de Zorrotza atópanse diferentes culturas, úneos a xornada de traballo. Decatádevos de que no poemán aparecen algúns das imaxes citadas até o momento, a árbore e o río, por exemplo.

Algunhas novas lecturas da imaxe do porto están vencelladas á creada por Aresti. A literatura de Koldo Izagirre é unha delas. No poemario

Non dago basque harbour

[Onde está basque harbour] (1997), pregúntase polo noso porto, polo porto imaxinado. Pregúntase por ese porto utópico nese poemario, e cóntanos sobre o porto no seu último libro de narracións,

Sua nahi Mr. Churchill

(2006).

Houbo tamén outras relecturas e reinterpretacións do porto de Zorrotza que creou Aresti. Sonia Gonzalez, por exemplo, na súa novela Ugerra eta kedarra (2003.

Egon dira Arestiren Zorrotzako portu horren berrirakurketak eta moldaketak: Sonia Gonzalezek, esaterako,

Ugerra eta kedarra

[Ferruxe e fume] (2003) quen conta as transformacións da cidade de Bilbo nestas últimas décadas, con nostalxia do pasado. Nesta novela, o porto de Zorrotza converteuse en fantasmagoría, un espazo sen sentido. Mírase con nostalxia o pasado, que se converteu en valeiro. Urtzi Urrutikoetxea tamén vai ao porto de Zorrotza no seu libro de narracións Auzoak [Bairros] (2005), pero basearase nos bairros como espazo para a creación dun novo imaxinario colectivo, tras a perda dese porto de Zorrotza, e así, procura no bairro outro lugar para crear a identidade colectiva. No poema mencionado de Izagirre tamén menciónase que os muíños posíbeis e a poesía atópanse no Bairro.

Agora que estamos a falar de bairros e cidades, cómpre mencionar outro imaxinario creado, a Cidade Vasca. Un imaxinario que aínda que Bernardo Atxaga non o ten creado na literatura, creouno nun artigo e en intervencións orais, e creou un concepto que se espallou con velocidade, no que se menciona a creación da Cidade Vasca, como un espazo cosmopolita, aberto e plural. Procura responder a ese imaxinario colectivo o libro de narracións

Euskal Hiria sutan

[Arde a Cidade Vasca] (2006) que critica ese imaxinario que neste libro vencéllase ao capitalismo e a hipocresía.

Como mencionei, o porto si é unha maneira de vencer o mar. De feito, no porto xuntámonos coutras culturas, e a través do porto comunicámonos co mundo e o mundo tamén comúnicase con nós. Ademais, o porto é a punto de partida para viaxar a outras xeografías. E por aí tamén o noso imaxinario colectivo viaxou.

Bernardo Atxaga viaxou a Etiopía, facendo de Etiopía un eido sen Utopía, reivindicando "a area a terra máis anónima". Di "Rompeuse a ánfora", e sen ánfora, non se pode gardar a auga, nin

alimentos. Non hai máis que fragilidade. O mar e o deserto únense:

O mar é o outro nome do deserto,

A segunda máscara,

O reino máis amplo da area.

Á beira do anonimato e da fragilidade de Etiopía, África e o deserto, nestas últimas décadas a literatura vasca seguiu a viaxar a África na procura de novos imaxinarios, algúns persoais e outros colectivos. Ese é o caso de Itxaro Borda, no poemario

Krokodil bat daukat bihotzaren ordez

[Teño un crocodilo por corazón] (1986) poema liburuan:

Reivindico o negro da miña pel África

vístome das palabras que brotan

dos sulcos que apalparon azotes

Bebín a materia de cristal

nas fontes de auga do río Nil en soños que fuxen

e vou polo deserto de Kalahari pedindo bafo.

Teño un crocodilo por corazón...

Tamén achegáronse ao imaxinario de África o colectivo da revista Nafartheid de Nafarroa, movemento cultural creado a carón dn a lei do euskara pola que o euskara non se declarou oficial en toda Nafarroa. O libro de cómic Nafarroa Afrika da [Nafarroa é África] tamén fai esa referencia. Podedes observar que para crear o imaxinario colectivo de Nafarroa e para facer unha denuncia empregouse esta imaxe de África, e non é casualidade, que sexa Itxaro Borda, escritora de Ipar Euskal Herria, quen reivindique o negro da súa pel, e reivindique África. Pódese dicir que estes imaxinario xorden tras a hexemonía que a partir da década dos 80, tras o Estatuto de Gernika, ten o Goberno Vasco e a Autonomía Vasca á hora de xestionar a cultura.

3. AS AUGAS DO CEO

Para rematar, falamos un pouco das augas do ceo. Son augas do ceo os trombóns e as choivas. Son necesarias para vivir, pero ao mesmo tempo, poden traer grandes desgrazas. Na mitoloxía vasca os seres do ceo teñen poder para crear tempestades e choivas, e entre eles destacan Ortzi e Mari. Segundo Anuntxi Arana, estes dous seres mitolóxicos, e outros tantos pertencentes ao imaxinario do ceo (Mikelats, Atarrabi,...) foron trasuntos dunha mesma divinidad. Segundo Arana, tras os traballos de Barandiaran, tívose a Mari como a principal figura da mitoloxía vasca, e representábase como Madre Terra, como divinidad da terra. Segundo Arana, non é axeitado vencellar a Mari coa terra, na súa opinión, é sobretudo unha dama do ceo. Pensa que todos eses seres mitolóxicos crean unha unidade de contrarios e complementarios, unha divinidad andróxina na que Ortzi e Mari interactúan, confúndense e espállanse. Sexa como for, débese subliñar o seguinte: na mitoloxía vasca sobre todo colléronse dous camiños, algúns consideraron a Ortzi como a figura máis importante, e outros consideraron a Mari a figura máis importante, a maioría das veces como se foran dous seres e existenciais completamente alleas unha da outra.

Adoraba a Ortzi o poeta Jon Mirande, que rendía culto ao paganismo, como se ve nos seus poemas "Akelarre" no que fai unha louvanza ás bruxas, e no poema dedicado a Ortzi ("Ortziren ttuntunak"), e ademais, rendía culto tamén ao mito de Aitor creado por Chaho. Koldo Izagirre explica a adscripción de Mirande:

"Ante o desterro, tomo raíces nas nosas vellas lendas, para viaxar con cabaleiros ("eu, vasco fillo de Aitor") guerreiro de Ortzi, ofrecendo sacrificios ás dividades dos bosques... A súa poesía é unha declaración de guerra en favor do paganismo" (Izagirre 2000).

Nun libro publicado hai un ano,

Euskararen doluminak

[Pésame ao euskara] Luis Haranburu Altuna fai referencia ao mito de Ortzi para se referir á tendencia dos vascos a estar no fío da morte.

Por outro lado, os que quixeron recrear o mito do matriarcalismo tomaron como referencia principal o mito de Mari, como fixeron nun libro que saíu hai nada Alfontso Martínez de Lizarduikoa e Jon Baltza, intitulado

Mariren erradiografía. Euskal inkontziente kolektiboaz

[Radiografía de Mari. O inconsciente colectivo vasco], no que pretende explicar ese inconsciente mediante o mito de Mari.

Non é de sorprender que neses traballos non se faga referencia algunha ás investigacións e novas lectura de Anuntxi Arana, e non se teñan en conta os datos que ela dá sobre a mitoloxía vasca nas zonas do este. Velaí unhas palabras de Arana para irmos rematar:

"Os que reivindicán o noso xenuino matriarcalismo son moitos, e iso ten unha clara explicación; quen quere a paridade entre os sexos procura esa lectura, evidentemente, e atópa. Os mitos creáronos as xentes e adaptacións ás xentes, e as posibles interpretacións son complementarias a elas, partes inseparábeis. Temos que recoñecer, que como non pasa coa nosa mitoloxía tradicional, que hoxe quere ver nela si é matriarcalista, que no gusto por Mari hai unha intención, a intención de dar unha clara función á Dama.

As funcións dos mitos da tradición non son os mesmos que teñen hoxe. (...) Pero si, quere crer que por milagre da nosa Dama a xente de hoxe vai ser matriarcalista, ou sobretodo, que no futuro o será, se aprendemos a lección.(...)

Se é así, é inegábel que os mitos perduran vivos e que ofrecen modelos vixentes, porque poden valer para nos construír un proxecto nacional e social, baseándonos nas nosas raíces" (Arana 2000: 127-128).

Estas palabras de Anuntxi Arana lévanme a rematar cunha pregunta: están vixentes eses modelos? É a literatura vasca hoxe capaz, nas xeracións máis novas, de crear un imaxinario colectivo? Coido que a literatura oral (o bertsolarismo, a música, o teatro...) si, pero é a literatura escrita?

Esta todóloga xa precisa de auga, vaíamos a nos beber, a nos brindar. Moitas grazas.

BIBLIOGRAFÍA

Arana, Anuntxi (2000).

Mito hurbilak. Euskal mitologia jendeen bizitzan

, Gatzuzain-Gure Irratia, Baiona.

Durkheim, Emil (1982).

Las formas elementales de la vida religiosa

, Madrid, Akal.

